

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Proxectos Artísticos	1º Bac.	4	140

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A materia de Proxectos Artísticos combina unha concepción da arte centrada na reflexión sobre a realidade e a expresión persoal, con outra na que resulta fundamental a concreción dos obxectivos e das finalidades que se expoñen na execución dun proxecto creativo. Entendemos que o concepto de proxecto artístico, tal como se pode afrontar nun contexto educativo de educación secundaria, debe ir máis ligado á idea de proposta de traballo organizada para producir creacións plásticas, audiovisuais, de deseño, etc., que ao concepto de creación de obras de arte. Tal como o entendemos nós, que unha creación sexa unha obra de arte e un creador sexa un artista vai máis aló do que podemos establecer nun centro escolar e tal é o que debemos transmitir ao noso alumnado.

Ao falar de proxectos, ponse a énfase tanto no proceso coma no resultado, incidindo especialmente na planificación e xestión deste, así como no efecto que este poida ter na contorna física máis próxima ou noutras parcelas da realidade accesibles a través de Internet ou das redes sociais.

Un proxecto pode abranguer unha ampla gama de posibilidades, que van desde os microproxectos que interactúan entre si a un gran proxecto que se realice durante todo o curso, pasando por fórmulas mixtas que se adapten mellor ás necesidades e ás particularidades de cada grupo. En todos os casos, ha de entenderse o proxecto como unha contorna interdisciplinaria que favorece a posta en práctica das competencias e a activación dos coñecementos desta e doutras materias que conforman a etapa.

A materia inclúe cinco obxectivos que emanan das competencias clave e dos obxectivos previstos para o bacharelato e que implican desempeños intimamente relacionados entre si, polo que han de ser abordados de maneira globalizada. Os obxectivos da materia permítenlle ao alumnado desenvolver un criterio de selección de propostas de proxectos artísticos, realizables e acordes coa intención expresiva ou funcional e co marco de recepción previsto. Permítenlle, ademais, planificar adecuadamente as fases e o proceso de traballo para conseguir un resultado axustado aos prazos, ás características do espazo e, se é o caso, ao orzamento previsto. Posibilitan tamén a realización efectiva dos proxectos con vistas a expresar a intención coa que foron creados e a provocar un determinado efecto na contorna. Así mesmo, favorecen a posta en común das distintas fases do proceso para avaliar a marcha do proxecto, incorporar achegas de mellora e optimizar a súa repercusión. Por último, facilitan o correcto tratamento da documentación que ha de deixar constancia do proxecto, do seu resultado e da súa recepción.

Os criterios de avaliación formuláronse tendo en conta os coñecementos, as destrezas e as actitudes que se pretende que active o alumnado, coa finalidade de determinar o nivel de logro dos obxectivos cos que se relacionan.

Dado que nesta materia se convida o alumnado a que asuma a dobre función de artista e xestor cultural, os criterios de avaliación e os contidos organízanse en dous bloques denominados "Desenvolvemento da creatividade" e "Xestión de proxectos artísticos". No primeiro bloque, recóllense as técnicas e as estratexias que permitirán superar o bloqueo creativo e fomentar a creatividade, entendendo esta como unha destreza persoal e unha ferramenta para a expresión artística. No segundo, inclúense saberes relacionados coa metodoloxía proxectual, a sostibilidade e o impacto dos proxectos artísticos, o emprendemento cultural e outras oportunidades de desenvolvemento ligadas a este ámbito, así como as estratexias, técnicas e soportes de documentación, rexistro e arquivo.

O feito de estar cursando un bacharelato de artes fai que o alumnado acceda ao centro desde orixes xeográficas e escolares moi variadas: unha pequenísima minoría reside na contorna do instituto e ven de impartir a ESO nel, mais a grande maioría procede doutros centros da localidade, da comarca, e mesmo de localidades afastadas.

Este feito revirte nunha grande variedade de contextos culturais e familiares. Unha grande parte do alumnado depende dun transporte particular ou público para chegar ao centro e ten que dedicar un tempo considerable do día aos desprazamentos. Outra vese obrigada a cambiar a súa residencia, vivindo fóra do seu ámbito familiar por primeira vez, en pisos de aluguer, residencias ou con outros familiares.

Proxectos Artísticos trátase unha materia optativa no noso centro e, en xeral, contamos con grupos moi grandes de alumnado heteroxéneo, persoal e academicamente, o cal redonda en detrimento da atención personalizada e dificulta a atención á diversidade na aula e require un especial esforzo por parte do profesorado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Xerar e perfeccionar ideas de proxecto, consultando distintas fontes, experimentando con técnicas e estratexias creativas, elaborando bosquejos e maquetas e valorando criticamente a relevancia artística, a viabilidade e a sostibilidade desas ideas, para desenvolver a creatividade e aprender a seleccionar unha proposta concreta, realizable e acorde coa intención expresiva ou funcional e coas características do marco de recepción previsto.	1		3	1-2	11-31		3	32-41
OBX2 - Planificar adecuadamente as fases e o proceso de traballo dun proxecto artístico, considerando os recursos dispoñibles e avaliando a súa sostibilidade, para conseguir un resultado axustado aos prazos, ás características do espazo e, se é o caso, ao orzamento previsto.			1	3	31	4	1-2	41-42
OBX3 - Realizar proxectos artísticos, individuais ou colectivos, asumindo diferentes funcións, seleccionando espazos, técnicas, medios e soportes e identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, para expresar unha intención expresiva ou funcional e provocar un determinado efecto na contorna.	1			3	12-32	3	1-3	31-41-42
OBX4 - Compartir, con actitude aberta e respectuosa, as distintas fases do proxecto, intercambiando ideas, comentarios e opinións con diversas persoas, incluído o público receptor, para avaliar a marcha do proxecto, incorporar achegas de mellora e optimizar a súa repercusión na contorna.	1-2	1	1	2	50	3	3	2-42
OBX5 - Tratar correctamente a documentación dun proxecto artístico seleccionando as fontes máis adecuadas, elaborando os documentos necesarios, rexistrando o proceso creativo e arquivando adecuadamente todo o material para deixar constancia das distintas fases do proxecto, do seu resultado e da súa recepción.	2-3	1		1-2	40-50			2-42

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A creatividade e a expresión artística.	A creatividade como destreza persoal e ferramenta para a expresión artística. Estratexias e técnicas de fomento e desenvolvemento da creatividade. Estratexias de superación do bloqueio	20	25	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A creatividade e a expresión artística.	creativo. Da idea ao proxecto artístico.	20	25	X	X	X
2	Metodoloxía proxectual.	Xeración e selección de propostas. Planificación e xestión de proxectos artísticos. Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos.	40	65	X	X	X
3	Difusión, avaliación e impacto dos proxectos creativos.	Estratexias, técnicas e soportes de documentación, rexistro e arquivo dos proxectos. Medios e estratexias de difusión. Avaliación do proceso e o resultado final dos proxectos artísticos. Sostibilidade e impacto	20	25		X	
4	As actividades artísticas como oportunidade para a vida.	Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional relacionadas co ámbito artístico. O emprendemento cultural.	20	25			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A creatividade e a expresión artística.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Xerar ideas para a elaboración dos proxectos creativos, consultando distintas fontes, elaborando bosquejos e maquetas e experimentando coas técnicas e estratexias artísticas máis adecuadas en cada caso.	Obter ideas para a elaboración de proxectos creativos, dunh xeito razoado: a través da consulta de fontes, a elaboración de bosquejos e a experimentación coas técnicas.	TI	100
CA1.1.2. - Aplicar estratexias e técnicas de fomento e desenvolvemento da creatividade e de superación do bloqueo creativo.	Coñecer e aplicar estratexias de fomento da creatividade.		
CA1.3 - Participar activamente na realización de proxectos artísticos, individuais ou colectivos, asumindo diferentes funcións e seleccionando os espazos, as técnicas, os medios e os soportes máis adecuados.	Traballar na realización de proxectos artísticos individuais e colectivos, en distintos roles, sendo capaz de seleccionar medios, técnicas e espazos.		
CA1.7 - Seleccionar diversas fontes para a elaboración do proxecto, xustificando a súa utilidade teórica, informativa ou inspiradora.	Seleccionar fontes para a elaboración de proxectos artísticos, xustificando a súa utilidade.		
CA1.8 - Elaborar a documentación necesaria para desenvolver un proxecto artístico, considerando as posibilidades de aplicación e axustándose aos modelos máis adecuados.	Redactar a documentación necesaria que acompañe a un proxecto artístico alleo, axustándose aos modelos máis adecuados.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.1. - Elaborar unha proposta para un proxecto xustificando a súa relevancia artística, a súa viabilidade, a súa sostibilidade e a súa adecuación á intención coa que foi concibida e ás características do marco de recepción previsto.	Elaborar unha proposta de proxecto artístico mínimamente xustificada.		
CA1.1 - Xerar e perfeccionar ideas de proxecto consultando distintas fontes, elaborando bosquexos e maquetas e experimentando coas técnicas e estratexias artísticas máis adecuadas en cada caso.		Baleiro	0
CA2.2 - Seleccionar unha proposta concreta para un proxecto xustificando a súa relevancia artística, a súa viabilidade, a súa sostibilidade e a súa adecuación á intención coa que foi concibida e ás características do marco de recepción previsto.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A creatividade como destreza persoal e ferramenta para a expresión artística.</li> <li>- Estratexias e técnicas de fomento e desenvolvemento da creatividade.</li> <li>- Estratexias de superación do bloqueo creativo.</li> <li>- Metodoloxía proxectual. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos artísticos. Difusión de resultados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Metodoloxía proxectual.	65

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Propoñer solucións creativas na organización dun proxecto artístico buscando o máximo aproveitamento dos recursos dispoñibles.	Aportar ideas creativas e prácticas, na organización dun proxecto, de xeito que se aproveiten os recursos dispoñibles.	TI	100
CA1.9 - Arquivar correctamente a documentación garantindo a accesibilidade e a facilidade da súa recuperación.	Organizar e arquivar correctamente a documentación gráfica e textual dun proxecto.		
CA2.1.1. - Xerar ideas para a elaboración dos proxectos creativos, consultando distintas fontes, elaborando bosquexos e maquetas e experimentando coas técnicas e estratexias artísticas máis adecuadas en cada caso.	Obter ideas para a elaboración de proxectos creativos, dunh xeito razoado: a través da consulta de fontes, a elaboración de bosquexos e a experimentación coas técnicas.		
CA2.1.2. - Aplicar estratexias e técnicas de fomento e desenvolvemento da creatividade e de superación do bloqueo creativo.	Coñecer e aplicar estratexias de fomento da creatividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Establecer o plan de traballo dun proxecto artístico organizando correctamente as súas fases, avaliando a súa sostibilidade e axustándoo aos prazos, ás características do espazo e, se é o caso, ao orzamento previsto.	Coñecer as fases dun proxecto de traballo e levar á práctica a súa organización, en canto ás fases, espazos e tempos, orzamento e sostibilidade.		
CA2.4 - Participar activamente na realización de proxectos artísticos, individuais ou colectivos, asumindo diferentes funcións e seleccionando os espazos, as técnicas, os medios e os soportes máis adecuados.	Traballar na realización de proxectos artísticos individuais e colectivos, en distintos roles, sendo capaz de seleccionar medios, técnicas e espazos.		
CA2.6 - Argumentar as decisións relativas á execución do proxecto asegurando a coherencia destas decisións coa intención expresiva ou funcional e cos efectos esperados.	Durante a execución dun proxecto, tomar decisións coherentes coa intención inicial e explicalo con corrección.		
CA2.9 - Elaborar a documentación necesaria para desenvolver un proxecto artístico, considerando as posibilidades de aplicación e axustándose aos modelos máis adecuados.	Redactar a documentación necesaria que acompañe a un proxecto artístico propio, considerando as posibilidades de aplicación.		
CA2.10 - Rexistrar as distintas fases do proxecto adoptando un enfoque reflexivo e de autoavaliación.	Realizar rexistros escritos e visuais das distintas fases do proxecto, cun enfoque reflexivo e crítico.		
CA2.1 - Xerar e perfeccionar ideas de proxecto consultando distintas fontes, elaborando bosquexos e maquetas e experimentando coas técnicas e estratexias artísticas máis adecuadas en cada caso.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A creatividade como destreza persoal e ferramenta para a expresión artística.</li> <li>- Metodoloxía proxectual. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos artísticos. Difusión de resultados.</li> <li>- Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Difusión, avaliación e impacto dos proxectos creativos.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5.1. - Explicar, de forma razoada, a intención expresiva ou funcional dun proxecto artístico propio, detallando os efectos que se espera que este teña na contorna.	Explicar, correctamente e de xeito razoado, a intencionalidade funcional e expresiva dun proxecto artístico propio.	PE	15
CA1.6 - Valorar as críticas, os comentarios e as achegas de mellora recibidas, incorporando de maneira xustificada aquelas que redunden en beneficio do proxecto e da súa repercusión na contorna.	Estudar e valorar as críticas recibidas e propoñer incorporacións ao proxecto, de xeito que beneficien a todos.	TI	85
CA2.5.2. - Explicar, de forma razoada, a intención expresiva ou funcional dun proxecto artístico propio, detallando os efectos que se espera que este teña na contorna.	Explicar, correctamente e de xeito razoado, a intencionalidade funcional e expresiva dun proxecto artístico propio.		
CA2.7 - Compartir, a través de diversos medios e soportes, as distintas fases do proxecto, poñéndoo en relación co resultado final esperado e solicitando, de maneira aberta e respectuosa, as críticas, os comentarios e as achegas.	Coñecer e empregar os medios de difusión dos proxectos artísticos, interactuando co público receptor respectuosamente.		
CA2.8.1. - Avaliar a repercusión que os proxectos propios teñen na contorna, considerando as valoracións do público receptor e analizando o logro da intención inicial exposta, así como a pertinencia das solucións postas en práctica ante as dificultades afrontadas ao longo do proceso.	Analizar os resultados dun proxecto propio, reflexionando sobre o proceso e a intención inicial.	Baleiro	0
CA2.5 - Explicar, de forma razoada, a intención expresiva ou funcional dun proxecto artístico, detallando os efectos que se espera que este teña na contorna.			
CA2.8 - Avaliar a repercusión que o proxecto tivo na contorna, considerando as valoracións do público receptor e analizando o logro da intención inicial exposta, así como a pertinencia das solucións postas en práctica ante as dificultades afrontadas ao longo do proceso.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas de fomento e desenvolvemento da creatividade.</li> <li>- Estratexias, técnicas e soportes de documentación, rexistro e arquivo.</li> <li>- Sostibilidade e impacto dos proxectos artísticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	As actividades artísticas como oportunidade para a vida.	25



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito artístico, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma crítica e respectuosa.	Comprender as diferencias entre a arte como profesión, como axente de mercado e como iniciativa de carácter persoal.	PE	45
CA1.5 - Compartir, a través de diversos medios e soportes, as distintas fases do proxecto, poñéndoo en relación co resultado final esperado e solicitando, de maneira aberta e respectuosa, as críticas, os comentarios e as achegas de mellora formuladas por distintas persoas, incluído o público receptor.	Coñecer e empregar os medios de difusión dos proxectos artísticos, compartindo o seu proceso co público, co obxectivo de obter críticas e achegas.	TI	55
CA2.2.2. - Seleccionar un proxecto concreto entre varias propostas, xustificando a súa relevancia artística, a súa viabilidade, a súa sostibilidade e a súa adecuación á intención coa que foi concibida e ás características do marco de recepción previsto.	Ser capaz de desenvolver mínimamente o papel de xestor e avaliador de proxectos alleos.		
CA2.8.2. - Avaliar a repercusión que os proxectos alleos teñen na contorna, analizando o logro da intención inicial exposta, e a pertinencia das solucións postas en práctica.	Ser capaz de desenvolver mínimamente o papel de xestor e avaliador de proxectos alleos.	Baleiro	0
CA2.2 - Seleccionar unha proposta concreta para un proxecto xustificando a súa relevancia artística, a súa viabilidade, a súa sostibilidade e a súa adecuación á intención coa que foi concibida e ás características do marco de recepción previsto.			
CA2.8 - Avaliar a repercusión que o proxecto tivo na contorna, considerando as valoracións do público receptor e analizando o logro da intención inicial exposta, así como a pertinencia das solucións postas en práctica ante as dificultades afrontadas ao longo do proceso.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A creatividade como destreza persoal e ferramenta para a expresión artística.</li> <li>- Estratexias de superación do bloqueo creativo.</li> <li>- Sostibilidade e impacto dos proxectos artísticos.</li> <li>- Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional relacionadas co ámbito artístico. O emprendemento cultural.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesorado da materia de Proxectos Artísticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

A materia de Proxectos Artísticos pretende asentar os sistemas de traballo por proxectos aplicados á creación plástica, audiovisual, de deseño, etc. Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos

prácticos, adquiríndose os obxectivos a través do traballo do alumnado.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Proxectos Artísticos debemos utilizar estratexias metodolóxicas variadas. A continuación presentamos algunhas suxestións:

- Levar a cabo unha avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- Que o profesorado expoña cuestións teóricas imprescindibles para o desenvolvemento dos proxectos.
- Guiar ao alumnado na busca de información que complete a presentada polo profesorado.
- Xerar debates nos que o alumnado expoña os seus puntos de vista, os compare cos do resto do alumnado e poña en práctica o diálogo respectuoso e baseado en opinións fundamentadas.
- Visualizar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- Conectar as propostas dos proxectos co contexto (a contorna, a comunidade educativa, a realidade social...) e coas inquietudes do alumnado.
- Intentar que os proxectos se poidan poñer en práctica no propio centro, para observar o impacto sobre o público.
- Provocar unha reflexión persoal e conxunta sobre o desenvolvemento do proxecto e o resultado final.

No deseño das actividades, terá que considerarse a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se recollen no apartado 9.3 sobre Orientacións pedagóxicas desta programación. Deberán seleccionarse os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador conectado a internet, proxector e altosfalantes.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Aula de informática do centro.
Dispositivos móbiles para visualizar obras na clase.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

O alumnado aportará os seus propios materiais para a o traballo práctico nos proxectos.

É importante que o alumnado poida acceder a algún tipo de dispositivo electrónico para visualizar contido en rede, sexa a través de dispositivos do centro, dos seus dispositivos móbiles ou do acceso á aula de informática do centro no tempo que estea dispoñible.

O estudo de imaxes e obras en formato impreso tamén é fundamental. Pode recorrerse ao uso de libros da biblioteca do centro e aos que formen parte da biblioteca de aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra, e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

### 3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada a información recollida, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos, nalgún caso, coa colaboración do Departamento de Orientación:

- Respecto ao currículo.
- Respecto á forma de traballar na aula.
- Respecto a aspectos organizativos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>40</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	15	45	<b>12</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	85	55	<b>88</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia de Proxectos Artísticos establecerase a través de entregas de traballos teórico-prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante rúbricas e comentarios orais, e da observación do desenvolvemento das tarefas durante as clases.

A porcentaxe de peso na nota de cada avaliación é a seguinte:

- proba escrita: 20%
- traballos escritos, que se poden recoller individualmente ou como portfolio: 20%
- proxectos artísticos e memorias, coa súa correspondente documentación: 30%
- presentacións orais: 20%
- observación do traballo durante as clases: 10%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que na materia se tratan de contidos progresivos, nos que se va afondando segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 33%
- 2ª avaliación: 33%
- 3ª avaliación: 34%

### Criterios de recuperación:

O alumnado poderá superar o curso coa 1ª e/ou 2ª avaliación non superadas se a nota da 3ª as compensa. Nese caso, non deberá recuperar nada.

#### PROBA FINAL:

Se o resultado da media ponderada é inferior a 5, o alumnado deberá presentarse a unha proba final, que consistirá na elaboración dunha proba escrita e proxecto artístico, similar aos traballados durante o curso, coa súa

correspondente documentación textual e visual.

#### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Unha vez rematada a avaliación ordinaria, o alumnado que non supere a materia deberá poder presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria. Durante o tempo de preparación co que conta o alumnado, farase un percorrido polos contidos teóricos e guiáraselle para poder levar a cabo a proxecto.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

#### SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

O alumnado que curse o 2º curso de bacharelato e estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro.

O seguimento de dito plan realizarase periodicamente, nas 3 datas de avaliación indicadas desde o centro, a través de entregas de traballos, que serán avaliados segundo o peso indicado a continuación:

- Traballos escritos: 15%
- Proba escrita: 20%
- Proxectos artísticos e memorias, coa súa correspondente documentación: 65%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media ponderada das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 20%
- 2ª entrega: 30%
- 3ª entrega: 50%

#### PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final ordinaria e a unha extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita e elaboración dun proxecto artístico, similar aos traballados durante o curso, coa súa correspondente documentación textual e visual.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que

terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso

inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X	X	
ET.4 - Competencia dixital.				X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.		X		
ET.10 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.11 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X
ET.12 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X		

**Observacións:**

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados. Polo feito de tratarse unha materia cunha carga social importantísima, no que a relación dos proxectos artísticos co contexto forma parte da súa propia natureza, a integración dos contidos transversais resultará natural na meirande parte das unidades didácticas.

Na selección dos materiais artísticos e culturais que se usarán como referencias e exemplificacións ao longo do curso, farase fincapé na perspectiva de xénero, para facer visibles os traballos e obras artísticas de mulleres e de culturas cunha presenza minoritaria no mundo da arte (mercado, institucións, mundo académico, etc.).

Como aspecto clave da súa formación, será importante que o alumnado conviva coas críticas construtivas cara o seu traballo, tanto do profesorado, como dos receptores das súas producións artísticas, ou dos seus colaboradores nos equipos de traballo, de xeito que non prexudique ao seu benestar emocional e contribúa a formar un xuízo crítico propio e unha personalidade resiliente.

Trataremos de concienciar ao alumnado da importancia da calidade e corrección na comunicación oral e escrita, á hora de compartir o seu traballo co público para o que vai destinado e, dada a natureza predominantemente visual da materia, tamén da comunicación audiovisual e dixital.

Na elaboración de proxectos artísticos colaborativos e mesmo en moitos proxectos individuais, resulta clave a relación entre as persoas que forman parte dos equipos ou entran a aportar o seu traballo nalgunha parte do proceso artístico. Por este motivo, promoverase entre o alumnado o respecto polo pluralismo, a xustiza, os valores democráticos e a aprendizaxe de estratexias que axuden a prever e resolver os conflitos.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición
Visitas a espazos expositivos da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións, etc., preferiblemente con actividades que completen a visita.



Actividade	Descrición
Visitas virtuais a espazos expositivos.	Visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada a coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.
Charlas informativas relacionadas cos distintos intereses do alumnado.	Pode tratarse de profesionais en activo, antigo alumnado do centro que empeza a súa carreira laboral, estudantes...
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro.
Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos.	As actividades do noso departamento responderán tanto a propostas propias, como ás do Departamento de Actividades Extraescolares, que as coordina, como ao Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega. Podemos participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...

**Observacións:**

As actividades planificaranse a principio de curso, na medida do posible, tendo en conta que na nosa área estamos suxeitos á programación de institucións e empresas, que non ten por que coincidir coa do curso académico.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: Pechados, dirixidos... / Abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / Facilitan o traballo cooperativo. / Impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: Emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / Baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / Impartindo teoría e explicacións / Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo ao meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase?: Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / Ler os informes anteriores / Ver os resultados da avaliación / Facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / Facilitánma

nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...).
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou a cada alumno/a a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación. Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos

destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## 9. Outros apartados